Tarefas 5º e 6º de Educación Primaria

Ola a tod@s! Espero que levedes ben esta semana.

Seguimos co repaso de conceptos musicais e para comezar faredes un xeroglífico musical. En que consiste? Pois deberedes de substituír as notas/figuras polo seu nome (Do, Re, branca, negra, silencio...) e así conseguir escribir o texto enteiro na vosa libreta.




Unha vez finalizado isto, pasaremos ao recoñecemento de figuras musicais. É un exercicio sinxelo, máis na marxe dereita podedes ver que houbo xente que o fixo en... Só 3 segundos! Imos ver que tal se vos dá a vós.

Ligazón: [https://es.educaplay.com/recursos-educativos/1036041-las_figuras_musicales.html](https://es.educaplay.com/recursos-educativos/1036041-las_figuras_musicales.html)

Agora xogaremos a atrapar as notas. Mediante este enlace accederemos a unha plataforma na que irán aparecendo e soando notas e vós teredes que clickar as notas correspondentes no teclado de abaixo. Tedes que ser rápidos!

Unha pista: axudádevos do son que fan as notas para saber se son máis graves ou máis agudas.

Ligazón: [http://www.aprendomusica.com/swf/atrapaNotas_dmsld.htm](http://www.aprendomusica.com/swf/atrapaNotas_dmsld.htm)

Pasamos aos instrumentos de orquestra:




Para finalizar, escolle un destes instrumentos e fai unha pequena investigación sobre el. Podes dicir a que familia pertence, como se toca, algún músico famoso dese instrumento, cando naceu este instrumento, etc).

Para calquera dúbida aquí vos adxunto o **meu correo persoal**, xa que estou a ter problemas co correo da Xunta: [pablocedeira@yahoo.es](mailto:pablocedeira@yahoo.es)